

ACTIVIDADES DE LÓXICA MATEMÁTICA ONDE SE FALA DE FAMILIAS E VECIÑOS.

Tal e como recordarán os nenos, na escola estábamos traballando coas familias e os veciños dos números e facíamolo do seguinte xeito:

Familia: son todos aqueles números que comezan polo mesmo número, á excepción dos números do un ao nove. Así pois estivemos traballando na escola coas seguintes familias:

Familia do cero: comprende os número dende o 0 ata o 9.

Familia do dez: comprende todos os números dende o 10 ata o 19.

Familia do vinte: comprende todos os números dende o 20 ata o 29.

Familia do trinta: comprende todos os números dende o 30 ata o 39.

Veciños: son os números que están xuntos na recta numérica, é dicir o anterior e o posterior. Así pois, a modo de exemplo, os veciños do 4 serían o 3 e o 5, os veciños do 12 serían o 11 e o 13, e os veciños do 26 serían o 25 e o 27.

Deixovos a continuación unhas rectas numéricas por se os nenos as necesitan:

